


# O CANTAR DA CANTARUXA

Autor


Marcelino de Santiago Viqueira (Kukas)

2005

Entra a BOLBORETA voa xunto á FAROLA voa por detrás do MURO DO FONDO voa polo tellado da CASA escapa pola dereita da casa cando canta a CANTARUXA entra polo FONDO CENTRO, cerella na GAITA senta no VALADO DEREITO deixa parte da gaita nel O GRILO da chimpos detrás do MURO ESQUERDO



asoma a cabeza detrás do MURO ESQUERDO



asoma  $\frac{1}{2}$  corpo mira ó público e desaparece



aparece con sixilo pola CASA DEREITA e dun chimpso sube ó VALADO DEREITO ó tempo a

CANTARUXA dun brinco e agachase tralo VALADO ESQUERDO

**CANTARUXA.** - Auxilio, socorro...

Un terremoto, unha treboada,

Unha pantasma, unha empanada...

O GRILO senta no VALADO DEREITO

**GRILO.** - Valente cantaruxa,

non hai quen lle tusa...

A CANTARUXA vai por diante do VALADO ESQUERDO cara ó grilo

**CANTARUXA.** - Grilo do diaño  
sempre incordiando,  
ben poderías ir coa leria  
a outra parte...  
Mira para esto,  
pola túa culpa escacharrei  
o meu instrumento...

*O GRILO colle a MANDOLINA*

**GRILO.** - E para que queres ti ese aparello,  
non se fixo a música para as mans  
dun cerello...

**CANTARUXA.** - Quen falou que a casa honrou,  
que saberás ti que é o talento...

*A CANTARUXA quítalle a GAITA*

Xa di o refrán:  
Arelas de burro non chegan ó ceo

*O GRILO se levanta e vai tras dela a falarlle á orela*

**GRILO.** - Cala cantaruxa desleigada...  
Ou hei lembrar quen ten a palleta esgallada...

*A CANTARUXA xirase e acurrala ó grilo coa gaita*

**CANTARUXA.** - Falas ti que cantas ó xeito moderno,  
sen método nin caderno...

*O GRILO apártalle a gaita e revolvese contra ela*

**GRILO.** - As vellas melodías,  
soan trasnoitadas  
non teñen sentido  
falan de cousas pasadas...

*O GRILO dálle unha palmada nas costas.*

É unha pena que xa non nos digan nada...

*A CANTARUXA desafíalle ó estilo espadachín*

**CANTARUXA.** - Eu desafíote a facer unha regueifa,  
*Van tomando posición central e cara ó público*  
a recitar poesías,  
dos vellos trobeiros,

**GRILO.** - dos novos rapeiros

**CANTARUXA.** - dos vellos gaiteiros

**GRILO.** - dos novos roqueiros...

*Cantan os DOUS cara ó público e no CENTRO*

Pois que comece o concurso.

*Mentres cantan van indo a CANTARUXA ó lateral DIANTE ESQUERDA  
e o GRILO ó lateral DIANTE DEREITA.*

**CANTARUXA.** - Xa verá este marruán  
quen é mais perillán,

**GRILO.** - mais garruleiro,

**CANTARUXA.** - mais trangalleiro

**GRILO.** - ¿ Quen comeza primeiro?

**CANTARUXA.** - O vinculeiro...

*O GRILO vai cara o CENTRO e sinalando á CANTARUXA*

**GRILO.-** Por canas e por anos  
Que cante primeiro  
O do tempo dos romanos..

*O GRILO índose polo CENTRO por detrás da CASA.*

Eu vou preparar as miñas historias  
que teño un par de ideas de grilo....

*A CANTARUXA vai por detrás do VALADO ESQUERDO*

**CANTARUXA.-** Vai, vai que te leve o demo  
Vai, vai, que te ha de levar  
Vai, vai que te leve o demo  
á xunto da túa nai.

*A CANTARUXA desaparece por detrás do MURO ESQUERDO e volve a somar a cabeza.*

Que para lle ganar a un pimpín  
non preciso máis que o meu maxín...

*Vaise a CANTARUXA*

*Entra a FORMIGA N por diante do VALADO cun CULEIRO as costas, remexe pola escena ao tempo que non deixa de rosmar.*

**FORMIGA N.-** Traballo, traballo e mais traballo,  
Manda carballo...  
Traballo, traballiño, traballete...  
Que traballe o cara de molete...

Que eu xa fico deslombada...

Mal pago me da o destino

Por nacer formiga obreira...

traballar é o meu sino ...

Traballo, traballiño, trabállete

*A FORMIGA N senta no CUBO DO LIXO e apoia os pés no CAPACHO.*

i Traballa ti que a min dáme a risa i

e que traballe a formiga Luísa

a que perdeu a camisa...

*Escoitase cantaruxar a CANTARUXA... A FORMIGA colle o CAPACHO e agochase tras del.*

Que é ese chifro, un furacán con cara de can,

ou un lostrego de segunda man...

*Escoitase de novo a CANTARUXA ....*

Son inocente, prometo traballar

deica esbourar....

*A FORMIGA N colle o CAPACHO e vaise correndo por detrás do VALADO DEREITO e desaparece por detrás da CASA DEREITA*

*Entra a CANTARUXA por detrás do MURO ESQUERDO fai exercicios de quecemento...vai por detrás do VALADO ESQUERDO e logo por diante e finalmente fai ximnasia no VALADO DEREITO*

*O GRILO entra polo CENTRO e dun chimpo sube ó VALADO ESQUERDO*

**CANTARUXA.** - Carafio, semellas un besbello. Vaia chimpo de campión olímpico

*O GRILO tómbase no VALADO ESQUERDO*

**GRILO.-** Deixémonos de trapalladas e  
comecemos o concurso...

*A CANTARUXA tatexa, non sabe como comezar...*

**GRILO.-** ¡Que!, ¿ é para hoxe?

*A CANTARUXA desafina*

**GRILO.-** Despois de esta exhibición de medo, tatexar,  
e escaseza de talento...  
a decrepita Cantaruxa  
abandona o concurso...

**CANTARUXA.-** ¡Quieto, parado!  
Que aínda non teño comezado.  
Aos rapsodos profesionais coma min  
calquera cousa nos inspira...  
calquera cousa nos anima...  
mira esta pedra por exemplo

*Colle unha PEDRA, dálle con ela ó GRILO que desaparece tralo VALADO ESQUERDO.*

Calquera cousa me serve para facer

Unha poética poesía

*A CANTARUXA comeza a recitar o POEMA de LEÓN FELIPE no VALADO DEREITO*

Así é a miña vida,  
pedra,

coma ti; / coma ti,  
pedra miúda; /  
coma ti,  
pedra lixeira; /  
coma ti,  
pelouro que rodas  
polos carreiros  
e polos vieiros; /

### *Vai cara ó CUBO do LIXO*

coma ti,  
cascallo humilde das estradas; /

### *Roda polo chan e sube ata o VALADO ESQUERDO*

coma ti,  
que en días de treboada,  
afúndeste  
na lama da terra  
e logo  
chispeas  
baixo as pegadas

*Aparecen as BOTAS empezando coa bota de dentro dan 4 PASOS adiante e 1 PASO atrás e logo patada á PEDRA e dálle 3 TOQUES coa punta, a PEDRA XIRA para atrás , TACONAZO e a PEDRA XIRA para adiante, patada coas 2 BOTAS e a PEDRA XIRA para atrás e as BOTAS XIRAN xuntas e atrapan á PEDRA que da un chouto e a BOTA pisa á PEDRA en plan chulito, logo as BOTAS dan brincos enriba da PEDRA ata que se desequilibran e caen para atrás.*



*Aparece a RODA dende a esquina do VALADO DEREITO que vai rodando por enriba do VALADO, do CUBO do LIXO e sube ó VALADO ESQUERDO e pasa por enriba da PEDRA e se DESEQUILIBRA e desaparece dando tumbos para atrás.*

e baixo as rodas; /

*O Grilo coloca a BASE, a PEDRA sube encima e cando está no lado esquerdo a COLUMNNA REDONDA Iponse enriba, bambolea, da un brinco e no 2º brinco a pedra escapa para a dereita.*

coma ti, que non tes servido

para ser nin pedra

dunha Lonxa,

*Se coloca a COLUMNNA REDONDA II encima, a PEDRA achegase, as columnnas ábrense como unha boca e a pedra escapa.*

*Coloca a COLUMNNA DEREITA I, a PEDRA se coloca encima, a COLUMNNA DEREITA II dálle un empurrón e a PEDRA sae disparada.*

nin pedra dunha Audiencia

*A PEDRA se coloca entre as COLUMNNAS, e logo o FRISO encima, a PEDRA da un bote e sae para o lado esquerdo.*

nin pedra dun Pazo,

*A PEDRA sube ata a esquina esquerda do FRISO, logo se coloca encima o TIMPANO e coa pedra no medio se bambolea todo e caen as pedras entre os VALADOS. O grilo se leva 2 cachos de columna.*

nin pedra dunha Igrexa; /

coma ti,

pedra aventureira; /

*A CANTARUXA colle o TIRACROIOS e pasa por diante do VALADO ESQUERDO e colle a PEDRA e fai que apunta.*

coma ti,  
que, tal vez, estás feita  
só para un tiracroios  
pedra pequena  
e  
lixreira... /

*Entra a FORMIGA recolle as PEDRAS*

**FORMIGA N.** - Traballo, traballo e mais traballo,  
todo espallado a eito...  
e ti formiga apañalas como poidas...  
traballo e mais traballo...

*Aparta á CANTARUXA que senta no VALADO DEREITO*

Ei, Cantaruxa , deixa de estorbar,  
Vai a aduanar a outros eidos...

**CANTARUXA.** - ¿Que calandraca te picou?,  
amiga formiga...

**CANTARUXA.** - ¿Que calandraca te picou?,  
amiga formiga...

**FORMIGA N.** - Eu teño que traballar,  
non como outras que non a rañan...  
e que conste que non sinalo a ninguén

**CANTARUXA.** - Tes de comprender que cada quen  
traballa no seu,  
tódolos oficios son necesarios...  
ti repañas follas, graos, sementes...  
para pasar o inverno quente...

**FORMIGA N.** - Traballo e mais traballo...  
traballa ti ca min dáme a risa...

**CANTARUXA.** - Non te incomodes, formiguiña,  
tes que comprender que no mundo  
poetas, cantantes e comediantes  
ten que haber...  
senón a vida que triste sería  
sen música nin poesía...

**FORMIGA N.** - Coido que tes razón,  
voume coa miña canción...  
Ai, traballo, traballiño, traballete...  
formiga colle o teu capacho e vete...

*VAISE A FORMIGA por diante do VALADO DEREITO*

**CANTARUXA.** - Ao grilo covarde,  
o da voz cristalina,  
quebráronselle as ideas,  
e xa cri...cri... cricou a súa gris cantareliña...

*A CANTARUXA baixase do VALADO e colle o TIRACROIOS e apunta e dálle unha pedrada ó GRILO que asoma a cabeza detrás do MURO ESQUERDO.*

*O GRILO asoma de medio corpo*

**GRILO.** - Haber si andas con mais coidado  
Case me quitas un ollo,  
Outra vez mira onde guindas o croio

**CANTARUXA.** - Perde coidado, grilo grileiro,  
Onde poño a pedra poño o ollo

*O GRILO aparece polo centro da escena*

**GRILO.** - Pero, que sexa un ollo teu non o meu...

**CANTARUXA.** - Sempre coas mesmas andrómenas,  
se non queres continuar co concurso  
non te preocupes, eu o entendo...

*A CANTARUXA achegase ó GRILO.*

pero non tes que buscar desculpas para non  
seguir...

¿Qué te pareceu o meu poema?

**GRILO.** - Sinxelo, non esta mal...

**CANTARUXA.** - Veña, quixera ver si tes ti un mellor...

**GRILO.** - Que se apaguen as luces.  
Silencio na sala,  
concentración no salón  
poñédevos ao xeito  
que o poema comezo....

*O GRILO no CENTRO e a CANTARUXA vaise indo por detrás do VALADO DEREITO.*

*A LUZ VAISE APAGANDO, SO FICA ACESA A QUE ALUMEA OS VALADOS.*

*MÚSICA.*

*A CANTARUXA coloca a HERBA do VALADO DEREITO.*

*O GRILO coloca a LIANA e a HERBA do VALADOE ESQUERDO.*

Hai dozura infantil  
na mañá queda. /

Na alameda  
un manancial recita  
o seu canto entre as herbas. /

*Sae o CARACOL polo VALADO DEREITO e camiña.*

E o caracol, pacífico  
burgués do vieiro,  
ignorado e humilde,  
a paisaxe contempla. /

A divina quietude  
da natureza deulle valor e fe,  
e esquecendo as penas  
do seu fogar, desexou  
ver o fin do sendeiro. /

*O CARACOL chega á LIANA e queda na zona do CUBO do LIXO.*

Botou a andar e internouse  
nun bosque de hedras  
e de ortigas. / No medio  
había dúas ras vellas  
que tomaban o sol  
aburridas e enfermas. /

*APARECEN as RÁS no VALADO ESQUERDO, dan brincos cando falan.*

Estes cantos modernos,  
rexoubaba unha delas,  
son inútiles. / Todos,  
amiga, / resposta  
a outra ra, que estaba  
ferida e case cega: /  
Cando nova cría  
que se ó fin Deus escoitara  
o noso canto, tería  
compaixón. E a miña ciencia,

*A RÁ VELLA fai un aparte cara ó público.*

pois teño vivido moito,

fai que non o crea.

Eu xa non canto máis... /

*Entra unha RÁ NOVIÑA dando chimpos por enriba das outras RÁS.*

As dúas ras quéixanse

pedindo esmola

á unha raniña nova

que pasa fachendosa

afastando as herbas. /

*O CARACOL segue no CUBO do LIXO*

Ante o bosque sombrío

o caracol, arrepiado,

quere berrar. Non pode.

As ras se lle achegan. /

*AS RÁS se acercan o borde do VALADO e a RÁ VELLAponse enriba da outra RÁ.*

¿Es unha bolboreta?,

di a case cega. /

*Despois a outra RÁ estira todo o corpo para ver mellor ó CARACOL,*

Ten dous corniños,

a outra ra contesta.

*Xirase para falar coa outra RÁ*

É o caracol.

*A RÁ volve a estirarse no borde do VALADO.*

¿Ves, Caracol, doutras terras? /

Veño da miña casa e quero

volver axiña a ela. /

*A RÁ VELLA da un chouto cando fala.*

Es un becho moi covarde,

exclama a ra cega. /

¿Non cantas nunca? /

Non canto, /

¿Nin rezas? /

Tampouco: nunca aprendín. /

¿Nin cres na vida eterna? /

¿Que é iso? /

Pois vivir sempre

na auga máis mainiña,

xunto a unha terra florida

que a un rico manxar sustenta. /

Cando neno a min díxome

un día a miña pobre avoa

que ó morrer eu me iría

sobre as follas máis tenras

das árbores máis altas. /



Unha herexe era a túa avoa,  
a verdade dicímoscha  
nosoutras.  
Creras nela,  
din as ras encabuxadas. /

*As RÁS dan choutos o falar e rematan na esquina esquerda do VALADO*

¿Por qué quixen ver a senda?  
xeme o caracol. / Si, creo  
por sempre na vida eterna  
que predicades .../

*A RÁ VELLA queda abaixo e a outra RÁ encima dela.*

As dúas ras mendigas  
coma esfinxes fican.

*A RÁ que está enriba xirase para falar coa outra.*

Unha delas pregunta: /  
¿Cres ti na vida eterna? /  
Eu non, / di tristeira  
a ra ferida e cega. /  
¿Por qué lle dixemos entón  
ó caracol que crea? /

*A RÁ VELLA separase da outra e case levita ó falar.*

¿Por qué...? E que sei eu, /  
di a ra chosca. /

Énchome de emoción  
ó sentir a firmeza  
con que chaman os meus fillos  
á Deus dende o rego ... /

*Marchan as RÁS dun chouto.*

*O CARACOL atravesa con coidado a LIANA ata chegar ó VALADO  
ESQUERDO.*

Xa no sendeiro  
un silencio ondulado  
xurde da alameda.

*Aparecen pola esquerda do VALADO ESQUERDO as FORMIGAS  
encarnadas*

A un fato de formigas  
encarnadas atopa.  
Van moi alborotadas,  
arrastrando tras elas  
a outra formiga que ten  
esmendrelladas as antenas. /  
O caracol exclama: /  
formiguiñas, paciencia.  
¿Por que así maltratades  
á vosa compañeira?  
Contádeme o que fixo, e  
eu xulgarei en conciencia.

Cóntao ti, formiguiña. /

*A FORMIGA esmendrellada vai polo ar ata caer no medio do valado.*

A formiga medio morta

di moi tristeira: /

Eu vin as estrelas. /

¿Que son estrelas? /-din

as formigas inquietas. /

E o caracol pregunta

pensativo: /¿estrelas? /

Si, /

vin as estrelas,

subín á árbore mais alta

que ten a alameda

e vin milleiros de ollos

dentro das miñas tebras. /

O caracol pregunta: /

¿Pero, que son estrelas? /

Son luces que levamos

sobre a nosa cabeza. /

Nós non as vemos, /

as formigas comentan.

E o caracol: /A miña vista

só atinxe ás herbas. /

As formigas exclaman  
movendo as súas antenas: /  
Matarémosche, es  
preguiceira e perversa.  
O traballo é a túa lei. /

Eu vin ás estrelas, /  
di a formiga ferida.  
E o caracol sentencia: /  
deixádea que se vaia,  
seguid as vosas faenas.  
É fácil que moi pronto  
xa rendida pereza. /

*AS FORMIGAS baixan polo lateral esquerdo do VALADO mentres que por detrás aparece a ABELLA.*

Polo ar doce  
cruzou unha abella.  
A formiga agonizando  
ule a tarde inmensa  
e di: /É a que ven  
a levarme a unha estrela. /

*A ABELLA colle a FORMIGA MORTA e vanse voando por detrás do MURO do FONDO.*

*O CARACOL camiña, mira para atrás, parase, mira ó público.*

E o caracol suspira  
e alleado camiña  
cheo de confusión  
polo eterno. / O sendeiro  
non ten fin, / exclama. /  
Seica ás estrelas  
se chegue por aquí.  
Pero a miña grande torpeza  
me impedirá chegar.  
Non hai que pensar en elas. /

*O CARACOL parase na esquina esquerda do VALADO e mira ó frente.*

e o caracol, pacífico  
burgués do vieiro,  
a paisaxe contempla /

*Entra a FORMIGA K e comeza a recoller as HERBAS do VALADO DEREITO e a LIANA.*

**FORMIGA K.** - Traballo, traballo e mais traballo...

*Olla ó GRILO*

Anda outra vaca mais no millo...

*O GRILO collendo a HERBA do VALADO ESQUERDO dille*

**GRILO.** - Ei formiga, deixa de enredar  
nas miñas cousas...

**FORMIGA K.** - ¿Dende cando as follas tiradas  
no chan teñen dono?...

**GRILO.** - Seica andas chosca...  
Olla para elas...

**FORMIGA K.** - ¿É...?

**GRILO.** - Non ves que non son de verdade,  
Son atrezzo...

**FORMIGA K.** - ATRE... qué '

**GRILO.** - Atrezzo, ragazzo,  
É o conxunto de obxectos:  
vasos, pedras, follas,  
Chourizos, laranxas, tixolas...  
Etcétera. Etcétera. Etcétera.....  
Que se empregan nun escenario teatral...  
¿ Capichí ¿

**FORMIGA K.** - Ou sexa, que non valen para nada?

**GRILO.** - Tanto como para nada....  
Os que nos dedicamos a farándula  
non pensámolo mesmo...

*A FORMIGA collendo a HERBA que ten o GRILO e comezando a marchar*

**FORMIGA K.** - Paparruchadas, estas follas a min  
ben que me serven para decorar o formigueiro...

**GRILO.** - Si non deixas o atrezzo onde esta,

denúnciote...

*Vaise a FORMIGA K e sinala para o cu.*

**FORMIGA K.** - Pois tómame a matricula... Si podes

**GRILO.** - ¡Mecachis...! como te pille, xa veras ti!

*Vaise o GRILO detrás da FORMIGA, pero a cámara lenta.*

## **INTERMEDIO**

### **SOA O DUETO DE ROSSINI.**

*O GATO aparece no MURO ESQUERDO, baixo a FAROLA*

*A GATA aparece no TELLADO da CASA*

*O GATO salta ó VALADO ESQUERDO e anda por el ata o borde.*

*A GATA baixa polo CAÑO da CASA.*

*Xúntanse no CUBO do LIXO e a GATA escapa para atrás da CASA, o GATO vai detrás dela e aparecen os dous no TELLADO moi acaramelados.*

## **FIN DO INTERMEDIO**

*Entra a CANTARUXA polo CENTRO e vai detrás do VALADO ESQUERDO.*

**CANTARUXA.** - O grilo fachendoso

Anda a presumir

de ser o mais virtuoso

do mundo mundial...

Xa esta ben,

Veremos quen ri o último...

*Entra o GRILO, ve a CANTARUXA, tuse moi forte.*

*A CANTARUXA lle bate nas costas, e O GRILO ergue as mans en sinal de victoria o tempo que di:*

**GRILO.** - Graciñas, gracias, xa sei que son o mellor...  
Graciñas, graciñas...

**CANTARUXA.** - Veña oh, a rañala por aí...

**GRILO.** - Hai que saber perder, meu.

**CANTARUXA.** - Aínda non dixen a última palabra

*O GRILO senta no CUBO do LIXO.*

**GRILO.** - Pois si que es teimuda...

**CANTARUXA.** - Lembro unha vella cantiga  
que fala do mar, dos nosos mariñeiros...

*A CANTARUXA comeza a cantar*

**GRILO.** - Esa cantarela tamén a sei eu,  
que má aprendeu meu avó Romeu...

*O GRILO segue a cantar tamén.*

*Vanse os dous polo CENTRO e desaparecen trala CASA*

**CANTARUXA.** - Xa...

*Cantaruxan a melodía dos "CATRO VELLAS MARIÑEIRO"*

*A LUZ vaise trocando a PANTAIA de SOMBRAS...*

*Sae o BARCO dos MARIÑEIRO, se cruzan coas GAIVOTAS.*

**GRILO.** - Catro vellos mariñeiros,  
catro vellos mariñeiros,  
todos metidos nun bote,  
boga, boga mariñeiro,



imos para Viveiro  
xa se ve San Roque.  
Ailalelo, ailalalelo,  
ailalelo, ailalala.

*Cambio de LUZ.*

*O BARCO navega e os PEIXES nadan por debaixo.*

Os mariñeiros traballan,  
os mariñeiros traballan  
de noite ca luz da lúa  
da gusto velos chegare,  
pola mañá cedo,  
cheirando a frescura  
da gusto velos chegare,  
pola mañá cedo,  
cheirando a frescura  
Ailalelo, ailalalelo,  
ailalelo, ailalala.

*Entra o PEIRAO, o BARCO achegase.*

Traio sardiña e bocarte,  
traio sardiña e bocarte,  
tamén xurelo pequeno,  
rapaciña de Viveiro  
ven busca-lo lote

do teu mariñeiro,  
rapaciña de Viveiro  
ven busca-lo lote  
do teu mariñeiro,  
Ailalelo, ailalalelo,  
ailalelo, ailalala.

*Logo vanse separando ata que o PEIRAO desaparece e queda o BARCO só.*

*Unha grande TORMENTA*

*POEMA DE MANUEL ANTONIO .*

*Pasa o PAQUEBOTE cun SOL*

Fomos ficando sós  
o Mar o barco e mais nós  
Roubáronnos o Sol  
O paquebote esmaltado  
Que cosía con liñas de fume  
Áxiles cadros sen marco

*Pasa un VELERO coas velas ó vento.*

Roubáronnos o vento  
Aquel veleiro que se evadiu  
pola corda froxa do horizonte

*Pasa o barco dos mariñeiros e queda a pantalla valeira*

E ficamos nós sós

Sen o Mar e sen o barco

Nós.

*Entra a FORMIGA NOE co CAPACHO ó lombo, cruza a escena e cando da a volta cruzase no centro coa FORMIGA KUKAS, danse a man e pásalle o CAPACHO*

**FORMIGA K.-** Traballo, traballo e mais traballo...

Xa estou farto de tantas trapalladas...

Si o traballo e saúde

que traballe Rita...

*Pon o CAPACHO no chan do revés e sube ó VALADO DEREITO.*

*Comeza a cantar, desentoando de mais...*

*O GRILO asoma detrás do MURO ESQUERDO.*

**GRILO.-** Ei, deixe de amolar...

**FORMIGA K.-** Que pasa? ¿So podedes ornear vos?

**GRILO.-** Cada quen ó seu o seu,  
ou cando viches que nos  
carretasemos follas...

**FORMIGA K.-** Certo é que non vos vin pegar pancada...

*O GRILO achegase a ela polo centro.*

**GRILO.-** ¿Me estas chamando preguiceiro?

**FORMIGA K.-** ¡Non!

**GRILO.-** ¿Pois logo?

*A FORMIGA dándolle un toque ó cu VAISE.*

**FORMIGA K.** - Deica logo...

*A FORMIGA parase e di*

iserá lerchán, nugallán e preguiceiro!  
o día que vexa ó grilo grileiro traballar  
xúrovos que compoñon unha poesía poética...

*O GRILO asústaa*

*O GRILO vai por diante do VALADO DEREITO*

**GRILO.** - Sempre coa mesma leria,  
todo quisque dime o mesmo,  
pero chegada a hora da verdade  
o que aleda as festas son eu...  
¿que entenderán estas formigas  
por traballo?  
Nin que cantar e bailar non fora  
traballo... hai que pensar,  
hai que escribir...  
hai que ensaiar, ensaiar e ensaiar...  
estou aburrido de tanta trangallada,  
estou canso....

*O GRILO fai que ensaia un texto.*

*Entra a CANTARUXA polo CENTRO*

**CANTARUXA.** - ¿que rosas? ¿Que tes?

*O GRILO apoiase no VALADO ESQUERDO e logo colle a TAPA do CUBO do LIXO como para tirarse dentro*

Ai, non sei como o concurso continuar...

Estou deprimidoooo....

*A CANTARUXA agárralle polo brazo e sácalle a TAPA*

**CANTARUXA.** - Pois a min antes de rematar gustaríame  
outra historia contar...

Oes, teño unha idea:

¿por qué non me axudas a contar  
a verdadeira historia da  
"Gaita que a todos facía bailar"?

**GRILO.** - Feito, meu amigo...

**CANTARUXA.** - Imos aló, logo

*Soa a MUSICA.*

*Colocan 2 ÁRBORES no VALADO ESQUERDO e 1 ÁRBORE no VALADO DEREITO.*

*O PASTOR asoma polo CUBO do LIXO.*

Aínda xeaba na mañá cedo,  
como decote o pastor  
sen acougo nin temor  
abriu a porta do cortello  
e as ovellas dando brincos  
de contentas,

foron pacer

a herba fresca do amencer.

*Aparecen as OVELLAS GORDAS dando brincos no VALADO DEREITO.*

*O PASTOR sube ó VALADO*

O pastor mataba as horas

soñando

que era gaiteiro

tocando.....

unha muiñeira, unha foliada...

unha xota, unha alborada

*Aparece no CUBO do LIXO un VELLO*

iEi, bo rapaz! -volveuno ó mundo

a voz carraxeira

dun vello vagabundo

que a el se achega pola beira

para non se enguedellar na silveira

*O VELLO estende a man pedindo esmola.*

O velliño prega sen alento:

- meu amigo pastor

unha esmola este miserento

te pide por favor ...

-Vaitó, ¿que te podo dar

si son mais probe cunha calindorna do mar?

dixo o raparigo

*O VELLO sinala co dedo*

-Ti tamén es un ruín...

Aló na casa farturenta

o seu dono votoume os cans...

Non teño nin serrín

para xantar...

-Si non es de mal dente

achanta o meu carón bo amigo,

e come con migo,

non te podo ofrecer mais que

pan reseso e queixo do millorciño !,

replicou o mociño,

*O PASTOR colócase entre as ovellas*

-queixo que fago co leite

que me regalan as ovellas...

E degoxou de tal xeito o pobre vello

que ó mozo non lle deixou nin un codelo

nin unha frangulla cativa...

-Amigo fuste bo con migo,

por eso un desexo te hei conceder...

-Sempre desexei unha gaita de buxo

que cando eu me poña a tocar

a xente non pare de bailar...

*O PASTOR baila e levita entusiasmado. O VELLO desaparece*

Que bonito é soñar

¿non si meu compañeiro?...

E o por de novo os pes no mundo

nin rastro atopou do miserento vagabundo.

Ó caer o sol por recolle o rabaño

coa axuda dun valente can de palleiro

ó que non hai lobo que lle meta medo.

*Cruzan do VALADO DEREITO ó VALADO ESQUERDO o PASTOR, as OVELLAS e o CAN.*

*O PASTOR deitase a durmir entre as ÁRBORES.*

*Unha OVELLA separase do rabaño. Aparece o LOBO subindo polo lateral dereito do VALADO ESQUERDO.*

*O LOBO papa á OVELLA.*

*O CAN vai tralo LOBO que desaparece por detrás do CUBO do LIXO é o CAN volve coa OVELLA.*

Mañanciña fresca,

xa é outro día.

O galo canta

e a xente se levanta.

*O PASTOR esperta. Aparece unha GAITA nunha ÁRBORE.*

O sol mais ledado ca nunca luce e reluce...

e coma sempre,



o pastor e o seu can de palleiro  
levan a pacer  
as brincadeiras ovellas  
brancas e negras.  
Pero, cal é a súa sorpresa  
ó ollar que dun ramallo ó sol  
saía unha gaita de fol...  
acariñouna coma se acariña un meniño,

*Dar o cambio e aparece o PASTOR coa GAITA*

soprou nela...  
e a gaita comezou a soar e...  
as ovellas puxéronse a bailar...  
E a festa foi a rachar...  
Pasaron os días,  
o pastor que non paraba de toca-la gaita  
e as ovellas que non deixaban de bailar,  
comezaron a adelgazar  
ficando mais delgadiñas  
ca raspa dunha sardiña.

*As OVELLAS GORDAS bailan e desaparecen e trócanse polas OVELLAS  
FRACAS no VALADO DEREITO*

Enfadado, cheo de carraxe  
o patrón síntese aldraxado  
ao ollar seu rabaño escuchumizado...

*O PATRON sube polo MURO ESQUERDO, e parase xunto a FAROLA*

Sen demorar mais

subiu a móntana.

Asexou...

e atónito observou

ó pastor na gaita tocar

e as ovellas como tolas brincar.

*As OVELLAS e o PASTOR desaparecen.*

*O PASTOR sen gaita aparece xunto ó PATRÓN*

-Maldito pícaro do diaño,

vas saber como é o amo.

O patrón xurou,

rexoubou,

e entre gargallada

e rifada...

mandouno a fritir puñetas

-non me irei si antes non me pagas

as xornadas traballadas...

- dixo o pastor sindicalista

Dunha patada no cu

botou da súa facenda

ao pastorciño

e a súa gaita galega...

*O PASTOR aparece no VALADO DEREITO*

O pastor púxose a gaita a tocar  
e o patrón comezou como un tolo a brincar...

Así pasaron as horas

*O PATRÓN pasa ó VALADO DEREITO e dálle BOLSA DE CARTOS*

case sen alento o xefe berrou:

abonda xa, agora mesmiño

os cartos heite dar...

*O PATRÓN desaparece e O PASTOR vai tocando ata o VALADO ESQUERDO*

E así marchou para sempre

o repoludo gaiteiro

de pano sedan vestido,

cariñoso e falangueiro que,

tiña costume en cantar

aló pola mañanciña

con esta miña gaitiña

ás nenas ei de enganar.

*Sae a MOZA de GORRO ENCARNADO*

Todas por el reloucaban,

todas por el se morrían,

se o tiñan cerca, sorrían,

se o tiñan lonxe, choraban.

*Sae a MOZA de PANO VERDE*

Elas louquiñas bailaban  
e por xunto del corrían

*Bailan dúas MOZAS o redor do PASTOR*

iNas festas, canto contento!  
iCantas risas nas fiadas!

*Sae a MOZA da PATELA na cabeza e bailan todas o seu redor.*

Todas, todas namoradas  
aló pola mañanciña  
con esta miña gaitiña  
ás nenas ei de enganar.

*Vai tocando e bailando e volve ó VALADO DEREITO.*

Pero, a ledicia duroulle pouco,  
pois ó chegar a aldea  
escoitase berrar ó mentireiro patrón.  
- Ao ladrón, prendede ao ladrón-

*Niso aparecen 2 GARDACIVIS*

Falsamente é acusado de roubo.  
Os gardas préndeno  
e lévano a cadea.  
e os cartos do asalariado  
atopan de contado...

*Aparecen o Xuíz e o PATRÓN no MURO ESQUERDO, baixo a FAROLA*

Xunto ó xuíz lévano agrilloado.

O patrón fachendoso  
larétea amigablemente co letrado: Bla, bla, bla...  
Sen facer pregunta algunha  
o xuíz, sen mais, o declara culpábel  
-Culpábel!  
E a cárcere é condenado...  
Rí toda a concorrencia: Jo, jo, jo...  
o pastor prega clemencia,  
esixe un xuízo xusto,  
-Xustiza!  
mais ninguén escoita  
a súa voz esgallada...  
e denantes que se di un pensamento  
o pastor toca unha muiñeira...

### *BAILAN TODOS POR TODA A ESCENA*

Os gardas, o xuíz, o patrón,  
danzan, bailan , brincan, choutan,  
arroutan ,, como buxainas  
non deixan de rular...  
comezou a romaría  
que bailen toda a noite  
e todo o día...  
-Para, deixa de a gaita tocar,

hei confesar a verdade - di abafado  
o malencarado patrón.  
O xuíz axiña declárao inocente  
- Inocente!  
os gardas céibano  
e o pastor coa súa gaita grileira  
a outra torreira vai tocar.....

*O PASTOR vaise tocando e desaparece no CUBO do LIXO*

i Que comece a festa  
que principie a romaría,  
bailemos toda a noite,  
bailemos todo o día !  
Ó son da miña gaitiña,  
ó son do meu cantar.

*A CANTARUXA mete ó PASTOR no CUBO do LIXO e o GRILO ponlle a TAPA.*

**GRILO.** - Esta claro quen ganou... ¿non si?

**CANTARUXA.** - Hai que recoñecer que...

**GRILO.** - Xa era hora...

Señoras e señores,  
cantaruxas, grilos, formigas,  
ras, caracois,  
moscas, mosquitos,  
etece, etece, etece...

*O GRILO levanta o brazo da CANTARUXA.*

O ganador do concurso é...  
a Cantaruxa...

*A CANTARUXA fai o mesmo co GRILO.*

**CANTARUXA.**- Agarda un chisco meu...  
penso que non tes razón ...  
ti tampouco estiveches mal...  
eu creo que un empate... é o mais xusto.

*O GRILO RAPEANDO*

**GRILO.**- Con razón ou sen ela  
saltando unha cacharela  
na noite de san Xoán  
a voz dun nugallán  
langrán  
rimando rapea  
e mil versos cantarea  
en dúo consonante  
coa cantaruxa danzante  
auténtica trobeira  
da nosa memoria verdadeira

*Mentres cantan bailan os dous*

**CANTARUXA.**- Ven aquí, compañeiro,  
imos á regueifa primeiro,

e que a nosa fusión

non sexa confusión

**GRILO.-** A gaita e a pandeireta,

o vinilo e o CD

a nosa musica peta

e peta no corazón

me mola a fusión

*O GRILO dun brinco SUBE ó VALADO ESQUERDO*

**CANTARUXA.-** Ala riba naquel petouto

hai un grilo que canta con outro.

E si rápea , rápea ben,

no petouto do grilo non manda ninguén...

*O GRILO BAIXA do VALADO ESQUERDO*

**GRILO.-** Unha cantaruxa do tempo dos mouros

fixo do folclore unha música de tolos,

e si o fixo, fixo ben ,

na solfa da Cantaruxa non manda ninguén...

U a u a

**OS DOUS.-** Que si fol,

que si fusión,

aquí remata a función

*MARCHAN OS DOUS EN PLAN MUSICAL MOVENDO OS SOMBREIROS*

-\_\_\_\_FIN\_\_\_\_-